

Os numerais e os indefinidos

LEMBRA

Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de forma precisa. Poden ser **cardinais** ou **ordinais**.

Os **indefinidos** son palabras que indican cantidade ou identifican alguén ou algo de forma imprecisa.

1 Arrodea os numerais e os indefinidos do texto e clasifícaos.

Así non se pode traballar!

Breixo entrou no estudio decidido a acabar o cadro.

As **dúas** modelos, riseiras, xa estaban preparadas: a **primeira** suxeitaba o cántaro; a **segunda** **algunhas** flores.

O pintor colleu a paleta coa man dereita e alongou a **outra** man para coller os pinceis do bote. Pero este estaba baleiro.

–Onde están **todos** os pinceis? Uxío! Mateo! Rafa!

Pobre Breixo! Desde que os **tres** rapaces decidiran ser pintores, coma seu pai, non podía traballar tranquilo. Sempre lle faltaba **algo**...



| Numerais | | Indefinidos | |
|-----------|----------|-------------|----------|
| Cardinais | Ordinais | | |
| Dúas | Primeira | Outra | Todos |
| Tres | Segunda | Algo | Algunhas |

2 Escribe usando os ordinais correspondentes, coma no exemplo.





- o corredor 5 ► o quinto corredor
- o concursante 3 ► o terceiro concursante
- a planta 2 ► a segunda planta
- a clasificada 1 ► a primeira clasificada
- o piso 7 ► o sétimo piso

3 Copia cada oración completándoa cun numeral e cun indefinido. Non podes repetir ningún.

dúas • tres • sete



moitas • ningún • algúns

- Temos  contos, pero non temos  libro de teatro.

Temos tres contos, pero non temos ningún libro de teatro.

- Por aquí hai  xoaniñas de  puntos.

Por aquí hai moitas xoaniñas de sete puntos.

- Aquí tes  mazás e  amorodos.

Aquí tes dúas mazás e algúns amorodos.

4 Completa as formas destes indefinidos variables: masculino e feminino singular e masculino e feminino plural.

- un, unha, uns, unhas
- moito, moita, moitos, moitas
- todo, toda, todos, todas
- pouco, pouca, poucos, poucas

5 Escribe debaixo das palabras destacadas se son numerais ou indefinidos e que función realizan.

- Os **dous** amigos pasaban **moitas** tardes lendo cómics.

Dous: numeral, determinante. Moitas: indefinido, determinante.

- Eu teño **cinco** curmáns e **todos** temos a mesma idade.

Cinco: numeral, determinante. Todos: indefinido, núcleo.

- Este é o **primeiro** equipo clasificado do grupo **catro** da liga.

Primeiro: numeral, determinante. Catro: numeral, complemento.



LEMBRA

- As **palabras compostas** seguen as regras xerais de acentuación tanto se se escriben xuntas (*sapoconcho*) coma se van unidas por guión (*teórico-práctico*).
- Os **estranxeirismos** adaptados á nosa lingua seguen tamén as regras xerais de acentuación (*béisbol, iglú, bádminon*).
- Os verbos que levan unidos pronomes persoais átonos, para os efectos de acentuación funcionan coma unha soa palabra e seguen as regras xerais de acentuación (*díxonolo, comentóuvolo, fágoo, leuno*).

1 Reescribe as oracións substituíndo as imaxes polos seus nomes.

- Gústame máis xogar ao



ca ao



Gústame máis xogar ao hóckey ca ao béisbol.

- Os sábados botamos un partido ao



ou ao



Os sábados botamos un partido ao tenis ou ao balonmán.

2 Ponlles acento gráfico ás seguintes palabras que o precisen.

- | | | | |
|------------------|------------------|------------|--------------|
| ■ lúdico-festivo | ■ físico-químico | ■ pasamáns | ■ paracaídas |
| ■ sándwich | ■ superávit | ■ popurrí | ■ pákinson |
| ■ búmerang | ■ déficit | ■ hándicap | ■ líder |
| ■ xampú | ■ tándem | ■ ómnibus | ■ télex |



3 Converte estas oracións negativas en afirmativas. Ten en conta os acentos gráficos.

- | | |
|---|--|
| ■ Non vos chamaron por teléfono hoxe? | ▶ <i>Chamáronvos por teléfono hoxe?</i> |
| ■ Non te avisaron do concerto! | ▶ <u>Avisáronte do concerto!</u> |
| ■ Non me gustan os pexegos moi maduros. | ▶ <u>Gústame os pexegos moi maduros.</u> |
| ■ Non o convidaron ao aniversario. | ▶ <u>Convidárono ao aniversario.</u> |
| ■ Iria non nos dixo toda a verdade. | ▶ <u>Iria díxonos toda a verdade.</u> |

1 Le atentamente estas ideas e numéraas seguindo unha orde lóxica.

- 1** Actualmente, sabemos que a música, ademais dunha arte, tamén pode ser un mecanismo para mellorar a saúde das persoas.
- 5** Así, Herófilo, un famoso médico de Alexandría do século III a. C., regulaba a tensión arterial cunha escala musical, que el mesmo creaba segundo a idade do paciente.
- 4** Moitos rituais baseábanse en cancións e os médicos recomendaban a miúdo o descanso e a música para axilizar as curacións.
- 2** Por exemplo, nos últimos tempos demostrouse cientificamente que pode influír no ritmo cardíaco, na secreción dos zumes gástricos...
- 3** Agora ben, os beneficios da música sobre a saúde xa se coñecían na Antigüidade.
- 6** E parece que os seus pacientes estaban moi contentos cos resultados!



2 Agora escribe o texto coas oracións ordenadas e formando dous parágrafos.

A música e a saúde

Actualmente, sabemos que a música, ademais dunha arte, tamén pode ser un mecanismo para mellorar a saúde das persoas. Por exemplo, nos últimos tempos demostrouse cientificamente que pode influír no ritmo cardíaco, na secreción dos zumes gástricos...

Agora ben, os beneficios da música sobre a saúde xa se coñecían na Antigüidade. Moitos rituais baseábanse en cancións e os médicos recomendaban a miúdo o descanso e a música para axilizar as curacións. Así, Herófilo, un famoso médico de Alexandría do século III a. C., regulaba a tensión arterial cunha escala musical, que el mesmo creaba segundo a idade do paciente. E parece que os seus pacientes estaban moi contentos cos resultados!

Unhas sobremesas deliciosas

Xoana era miúda coma un garavanzo antes de poñelo en remollo. Os médicos consultados pola familia coincidiron no diagnóstico: se a rapaza parecía un rato, era porque non comía todo o que debía!

A familia mercaba as carnes máis tenras, os peixes máis frescos, as verduras máis saudables, e o lume fervía na cociña da mañá á noite. Pola mesa desfilaban os pratos máis apetecibles e as sobremesas máis saborosas, pero Xoana facía unha carantoña e, case inmediatamente, deixaba caer os cubertos con cara de aburrimiento.

Unha noite presentouse inesperadamente a cear o capitán Mateo, vello amigo da casa, que había pouco que volvera dunha longa viaxe por terras afastadas. O capitán viña cargado de historias para contar, pero quedou de pedra ao ver a Xoana: aquela rapaza non medrara un dedo nin engordara un gramo!

O capitán Mateo abriu o zurrón que levaba no ombreiro, sacou un paquete e foi á cociña. De alí a un pouco volveu cun recipiente cheo dun líquido escuro que desprendía un recendo descoñecido e delicioso polo comedor. Todos sentiron que a boca se lles enchía de auga e Xoana, por primeira vez na vida, alongou ansiosamente a man cara a aquela bebida descoñecida.

–Chámanlle chocolate... –sorriu o capitán.

Xoana bebeu toda a cunca para alegría dos pais. Despois, mentres lambía os dedos, non lle custou nada prometer que, de alí en diante, ía comer de todo. Sempre que de sobremesa lle desen chocolate!



1 Copia do texto dúas expresións que describen o tamaño de Xoana.

- Coma un garavanzo antes de poñelo en remollo.
- Non medrara un dedo nin engordara un gramo.


2 Completa cos alimentos e cos cualificativos que se empregan na lectura.

A familia de Xoana mercaba  as carnes máis tenras,

 os peixes máis frescos,

e  as verduras máis saudables.

Con todos estes alimentos preparaban  os pratos máis apetecibles

e  as sobremesas máis saborosas.

3 Copia cambiando a expresión destacada pola que se utiliza na lectura co mesmo significado.

- Cando lle servían a comida, Xoana **comía un pouquiño** e deixábaa.

Cando lle servían a comida, Xoana facía unha carantoña...

- Mateo **sorprendeuse moito** ao ver que Xoana non medrara.

Mateo quedou de pedra ao ver que Xoana non medrara.

- Cando uliron o chocolate, todos sentiron **un gran desexo de comer**.

...todos sentiron que a boca se lles enchía de auga.

4 Indica se as afirmacións sobre o personaxe da ilustración son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- V Ofreceulle unha cunca de chocolate a Xoana para que o probase.
- V O capitán Mateo era un amigo da familia de Xoana.
- V Mateo presentouse un día a cear.
- V Levaba un alimento descoñecido: o chocolate.
- F Mateo preparou para Xoana unha torta de chocolate.
- F Mercou chocolate para Xoana na tenda da aldea.



5 Explica coas túas palabras o que pasou cando Xoana probou o chocolate.

Que lle encantou, polo que prometeu que ía comer de todo sempre que tivese de sobremesa chocolate.